Entre o 20 ao 27 de novembro, habilitáronse nas seis localidades puntos informativos atendidos por educadores ambientais especializados en xestión sostible de residuos. Os monitores informaron á veciñanza sobre boas

prácticas vinculadas á redución, a reutilización e a reciclaxe e, máis especificamente, sobre a importancia de valorizar a materia orgánica a través da súa transformación en compost de calidade. ●



Imaxe promocional da campaña e postos informativos en Carballo e en Santa Comba, que visitou a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.



[Volver á portada](#)



## Adxudicados por preto de 2,4M€ os contratos das novas plantas de transferencia de residuos de Curtis e de Ponteceso

Entrarán en funcionamento na segunda metade de 2022

A Xunta de Galicia, a través de Sogama, vén de adxudicar os contratos para a construción das novas plantas de transferencia en Curtis (A Coruña) á UTE ATE Cartago, por un importe de 1.195.361,45 euros (IVE incluído); e a de Ponteceso (A Coruña) á empresa Misturas, Obras e Proxectos S.A, por un importe de 1,2 millóns de euros. Ademais de transvasar nas mesmas as fraccións de residuos correspondentes ao contedor amarelo (envases de plástico, latas e briks) e contedor xenérico (fracción resto), ambas poderán acoller a materia orgánica recollida no contedor marrón.

A futura instalación de Curtis, que substituirá á microplanta que actualmente está en funcionamento, gañará en capacidade —chegando ata as 17.000 toneladas anuais—, eficiencia e funcionalidade. Se ben dará servizo inicialmente a Sobrado dos Monxes e Vilasantar, ademais de Curtis, estará a disposición doutros 15 municipios. A previsión é que entre en funcionamento o próximo verán nunha parcela de case 8.000 m<sup>2</sup> do



Ambas instalacións están financiadas polos fondos europeos Feder.

polígono industrial de Teixeira.

Cara á finais de 2022, a planta de transferencia de Ponteceso, localizada nun terreo de 5.235 m<sup>2</sup> nas inmediacións do parque empresarial de Tella, dará servizo inicialmente a Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Malpica e Laxe. Estes catro concellos da Costa da Morte aglutinan unha poboación de máis de 18.000 habitantes, podendo acoller tamén a fracción orgánica

doutros tres municipios máis.

### No prazo dun ano

Tras a súa posta en marcha, ambas as dúas plantas formarán parte da rede de 17 infraestruturas deseñada pola Xunta para que a meirande parte dos concellos adscritos a Sogama poidan acceder á valorización dos residuos orgánicos e contén cunha instalación de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 km. ●

## Arranca unha nova edición do programa formativo de Sogama en centros escolares de Galicia

Os rapaces son os mellores prescritesores na aplicación e transmisión do principio dos tres erres

Sogama inaugurou o seu programa de sesións formativas en centros escolares para o período académico 2021-2022 con accións nos CEIP San Vicenzo de Vimianzo (A Coruña), CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro da Silva (Cerceda), CPI Plurilingüe Santa Lucía de Moraña e CEIP Fonte Escura de Vigo, estes dous últimos na provincia de Pontevedra.

Alí, persoal especializado en educación ambiental, e máis concretamente na xestión sostible dos residuos urbanos, explicou ao alumnado de primaria a problemática inherente á elevada produción de refugallos nas sociedades modernas, a importancia de prever a súa xeración a través dun consumo responsable, as posibilidades de reutilización de moitos produtos e, por suposto, a necesidade de clasificar o noso lixo por tipos de materiais e introducilos nos contedores



Alumnado de primaria durante unha das sesións formativas.

correspondentes para darlles unha nova vida.

Despois, apoiados por distintos recursos tales como vídeos, presentacións e xogos, os monitores tamén puxeron a proba os coñecementos do alumnado.

### Embaixadores R

Máis aló de que os pequenos

interioricen as boas prácticas na correcta xestión dos residuos, tamén se pretende que actúen como vehículo canalizador das mesmas e leven a cabo unha tarefa de concienciación na súa contorna máis inmediata, especialmente no fogar, servindo de prescritesores na aplicación diaria do principio dos tres erres (Redución, Reutilización e ReciclaXe). ●



## Sogama acolle a xuntanza do Comité de Prevención de Riscos Laborais integrado en Aeversu

Estes encontros permiten intercambiar coñecementos e experiencias para mellorar este servizo no desempeño diario



Responsables de PRL das plantas socias de Aeversu tras a xuntanza no Complexo Medioambiental de Cerceda.

A finais de outubro pasado, Sogama foi a anfitriona da xuntanza do Comité de Prevención de Riscos Laborais integrado en Aeversu (Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos), do que forma parte xunto con outras 11 plantas de España.

Dada a importancia transcendental que en toda infraestrutura industrial ten a prevención, estes encontros permiten aos responsables de área de cada instalación intercambiar coñecementos e experiencias para mellorar este servizo no desempeño

diario. Neste sentido, o presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, incidiu na imperiosa necesidade de visualizar a prevención como principal medida a adoptar, aplicando protocolos adaptados fielmente ás particularidades de cada entidade e velando polo estrito cumprimento dos mesmos.

### A valorización enerxética forma parte da solución

Aeversu ten por obxecto defender os intereses dos asociados e promover a valorización enerxética

dos refugallos non reciclables, evitando desta forma o seu depósito en vertedoiro, a opción menos desexable debido ao seu negativo impacto sobre o medio ambiente e a saúde pública.

Ademais de Sogama, son socios os complexos industriais de Zabalgarbi (País Vasco), Sirusa (Tarragona), Tera (Sant Adrià de Besòs, Barcelona), Tircantabria (Cantabria), Tirme (Illas Baleares), Trargisa (Xirona), Remesa (Melilla), Tirmadrid (Madrid), TEM (Mataró, Barcelona), Ekondakin (Gipuzkoa) e CTRASA (Andorra). ●

## A Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023 mobilizará case 60M€

É unha folla de ruta estratéxica que actúa en tres eixos prioritarios como son a materia orgánica no contedor marrón, os refugallos domésticos especiais e os puntos limpos

A Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023 contará con oito novas liñas de incentivos para avanzar en eixos prioritarios como son a materia orgánica no contedor marrón, os refugallos domésticos especiais e os puntos limpos. Todo isto, co obxectivo de dar un impulso definitivo á instauración da recollida separada dos distintos residuos para a súa posterior clasificación e reciclaxe.

No tocante aos biorresiduos, é fundamental que os galegos se familiaricen coa recollida separada dos desperdicios orgánicos no fogar mediante o quinto contedor de cor marrón antes do 31 de decembro de 2023. Aplicarase a normativa da Unión Europea para que este residuo entre no circuito da economía circular e adquira unha nova vida como compost, é dicir transformado nun fertilizante natural.

Nesta liña, os concellos terán que decidir cal é o modelo que elixen para

tratar estes biorresiduos: o contedor marrón, a compostaxe comunitaria ou a compostaxe individual, beneficiándose en todos os casos de incentivos cunha achega total de 13,4M€. A Xunta, a través de Sogama, xa está a facer un investimento de case 40M€ para crear unha rede de infraestruturas de apoio e que os concellos contén cunha instalación de biorresiduos a menos de 50 quilómetros de distancia.

No que respecta aos residuos especiais como aceites, téxtiles, voluminosos, electrónicos, etc, a Xunta de Galicia habilitará axudas por 2,2 M€ dirixidas a concellos, entidades e agrupacións de entidades para financiar ata un 90% a mellora de xestión desta materia. Así, apoiaranse na recollida separada de aceites domésticos usados, en iniciativas de recollida de residuos textiles ou na compra de puntos verdes móbiles para completar os puntos verdes existentes.



Os concellos terán que decidir cal é o modelo que elixen para tratar os biorresiduos: o contedor marrón, a compostaxe comunitaria ou a compostaxe individual.

Por último, a Xunta de Galicia levará a cabo a ampliación da rede galega de case 150 puntos verdes existentes -puntos limpos- co obxectivo de que todos os galegos teñan unha instalación deste tipo a menos de 10 minutos. Con este fin, o Executivo autonómico mobilizará 3,5M€ para apoiar a 79 concellos que carecen na actualidade dun punto verde. ●

## Suma e segue para o programa de compostaxe doméstica de Sogama

As continuas adhesións e os numerosos cursos formativos impartidos reflicten a grande aceptación entre a veciñanza galega

O programa de compostaxe doméstica de Sogama continúa dando boas novas grazas ás constantes adhesións, ampliacións e exitosos cursos formativos para os novos usuarios que, coa práctica diaria, se convierten en expertos compostadores.

Desde setembro pasado, o número de composteiros repartidos entre entidades e concellos adheridos acadou xa as preto de 18.000 unidades. O último municipio en entrar na gran familia da compostaxe doméstica de Sogama foi Ferrol que, neste pasado trimestre se sumou ás ampliacións en Pantón, Ribas de Sil, Boiro, Meis, Ponteceso, Cee, Porriño e Soutomaior. En total, 395 composteiros máis que xa están instalados en vivendas unifamiliares con horta ou xardín para producir compost conforme aos requisitos que se poden ver, entre outros soportes editados por Sogama,



Os restos de materia orgánica deben distribuírse dunha forma concreta dentro do composteiro para unha boa descomposición.

na web [compostaconsogama.gal](http://compostaconsogama.gal).

Así mesmo, neste tempo tamén se impartiron novos cursos de compostaxe en Castroverde, Cedeira, Monfero, Boiro, Porriño, Ponteceso, Castro de Rei, Alfoz e Ferrol.

### Por que?

Dado que a materia orgánica representa o 42% dunha bolsa de lixo

común, se se recicla en orixe, evítase o seu depósito no contedor da fracción resto. A compostaxe doméstica contribúe tamén a reducir as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, xa que se diminúe a frecuencia de recollida e transporte por parte dos servizos municipais, á vez que se aforran custes porque se envían menos refugallos a planta para o seu tratamento final.



# Multimedia

## Caderno verde estreou contidos para o alumnado da ESO

No curso 2021-2022, a plataforma educativa de Sogama [www.cadernoverde.gal](http://www.cadernoverde.gal) regresou ás aulas galegas de primaria e adentrárase por primeira vez nas de secundaria. Os contidos para ESO terán unha estrutura similar aos dos pequenos, pero estarán impregnados dunha maior carga lúdica. “O segredo do Caderno Verde” é o título do relato-xogo no que os estudantes de máis de 12 anos deberán facer fronte a unha serie de actividades para acadar unha xestión máis sostible dos residuos urbanos producidos na nosa comunidade.

No caso de primaria, as fichas didácticas están conformadas por distintas pezas interactivas nas que se inclúe elementos formativos novos. É o caso de verdadeiro/falso; arrastra ao lugar correcto; escolle a opción; marca a palabra ou frase; colorear; sopa de letras; cadros de diálogo; relación de conceptos e imaxes, ...).

Os seguidores de Caderno Verde incrementaron ano tras ano xa que os seus contidos serven de reforzo en moitos centros escolares. As 28.588 visitas e 190.641 páxinas vistas de 2019 aumentaron un 20,10 e un 17,61%, respectivamente, en 2020. ●



[Accede a Caderno Verde](#)

## Queres ser un “ecoprofesor/a”?

Como novidade neste curso 2021-2022, o programa educativo “Recíclate con Sogama” conta cun novo vídeo divulgativo dirixido aos docentes participantes. De forma áxil e dinámica, danse recomendacións para que poidan convertese en “ecoprofesores/as” e sexan os maiores referentes en sostibilidade para o seu alumnado.

Tomando como eixo central da narración os tres erres, na peza audiovisual recórdase que tipo de residuos se depositan en cada contedor, os beneficios da compostaxe doméstica ou a función de Sogama na grande engranaxe medioambiental de Galicia. ●



[Ver o tutorial para profesorado adscrito a “Recíclate con Sogama”](#)

## En marcha “Recíclate con Sogama” 2021-2022

Na edición 2021-2022 participan 24 colexios de primaria (5 da provincia da Coruña; 5 da de Lugo; 4 da de Ourense; e 10 da provincia de Pontevedra). Ao longo de todo o curso académico, os centros estarán en contacto permanente cos educadores ao servizo de Sogama, que os asesorarán e axudarán na boa execución dos seus proxectos, que xiran en torno ao principio dos tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe).

Tras a primeira entrevista co docente coordinador de cada centro, e logo de proporcionarlles Sogama os medios didácticos de apoio (vídeos, xogos, tutoriais, tanto para o equipo de profesores/as como para os estudantes), así coma os medios materiais (contedores que conforman as illas de reciclaxe e composteiros naqueles colexios que dispoñen de servizo de comedor e terreo (xardín ou horta), o alumnado xa está, de pleno, inmerso no desenvolvemento do seu proxecto ambiental.

### Á volta do Nadal

En xaneiro próximo levaranse a cabo sesións formativas presenciais en cada colexio, que estarán apoiadas



por distintos recursos divulgativos, incluíndo o xogo físico “O tour dous tres erres”. Como é habitual, tamén haberá as visitas de seguimento e asesoramento, así como a caracterización dos desperdicios recollidos nas illas de reciclaxe.

O fin último é que os escolares sexan capaces de discernir con claridade os residuos que deben introducirse en cada contedor e interioricen as bondades da reciclaxe, tanto no ámbito ambiental coma no económico e social. ●



[Programa Recíclate con Sogama](#)



## Eventos

### Xornadas ambientais en Caldas de Reis

Representantes de Sogama participaron os días 20 e 21 de outubro pasado nas V Xornadas Internacionais Ambientais & Turismo Sostible no Camiño Portugués –Xacobeo 21-22, que, baixo a dirección académica e científica do Prof. Dr. Francisco Peña, se celebraron no municipio pontevedrés de Caldas de Reis.

As temáticas desta edición xiraron ao redor de dous eixos: as principais ameazas deste século (a pandemia e o cambio climático) e a posta en valor das fortalezas do Camiño de Santiago nos seus distintos roteiros, así coma o significado desta experiencia única, que converterá a Galicia en punto de encontro de peregrinos de todo o mundo e en destino turístico internacional seguro e sostible. ●



### A Universidade Blas Pascal de Argentina cualifica a Sogama como caso de éxito



Así o manifestou o director da diplomatura en Xestión sostible de residuos, Silvio Romano, nun webinar protagonizado polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e dirixido ao alumnado desta titulación,

así como ao persoal técnico e político dos municipios da provincia de Córdoba (Arxentina).

O webinar estivo coordinado e dirixido por Romano, que actualmente tamén é director de

Xestión Integral de Residuos Sólidos do Goberno da Provincia de Santa Cruz. En 2019, incluso visitou o Complexo cercedense tras viaxar por Europa para coñecer outras plantas similares.

Con carácter previo ao peche do evento, Silvio Romano eloxiou a exposición tan clara do sistema Sogama por parte do seu presidente, cualificando a xestión da entidade pública como caso de éxito, da que destacou unha serie de atributos de grande interese tales como o seu carácter de empresa pública; o seu esquema de transporte a través de ferrocarril; o seu obxectivo de alcanzar a vertido técnico cero; a aplicación de tecnoloxías de vangarda; e a articulación dunha rede de infraestruturas que permitirán á meirande parte dos concellos galegos acceder á valorización da materia orgánica. ●

## Eventos

### Relatorio no “Foro Conversa” da Cadea Ser en Galicia

“Sogama é unha empresa pública sostible: punteira, innovadora e eficiente desde a dimensión industrial, viable desde a económica e integradora desde a vertente social”. Así cualificou Javier Domínguez á compañía que preside, convertida a día de hoxe en todo un referente para Europa e o resto do mundo, durante a súa participación no “Foro Conversa” da Cadea Ser. Nesta ocasión, o Foro centrouse no ODS 12 das Nacións Unidas (Produción e consumo responsable).

Concretamente, a intervención de Domínguez Lino tivo lugar na primeira mesa redonda “Produción responsable. Empresas para a sustentabilidade”, moderada por Luís Iglesias, xornalista de Radio Galicia.

Á pregunta de se é Galicia unha comunidade concienciada coa produción e o consumo responsable, Domínguez manifestou que “si o é, pero podemos



mellorar”, engadindo que “quizais nos falte un pouco máis de planificación e recuperar certos valores, como é o propio da comida, tentar producir menos residuos e alongar a vida útil dos produtos a través da reutilización”. ●

### Visita de estudos dunha delegación israelí do programa Twinning

Unha delegación de técnicos de Israel visitou a principios de decembro o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña) no marco dun programa europeo de irmandamento Twinning que lidera España, xunto con Reino Unido, a través da Comunidade Autónoma de Galicia.

A visita á infraestrutura industrial de Sogama forma parte dun amplo programa de estudos incluído no Twinning coa pretensión de establecer en Israel un regulamento marco de residuos conforme aos estándares europeos, a asistencia na implementación dunha estratexia nacional e o fortalecemento da capacidade institucional neste sector.

O percorrido do grupo tamén incluíu unha parada na planta de transferencia de Santiago de Compostela. ●





## Chamada á acción do informe ISWA

A Asociación Internacional de Residuos Sólidos (ISWA) vén de publicar o seu último informe co título «The Future of The Waste Management Sector: Trends, Opportunities and Challenges for the Decade» (O futuro do sector da xestión de residuos: tendencias, oportunidades e desafíos para a década), no que se recolle a perspectiva a dez anos.

ISWA destaca as cuestións chave ao redor da transición cara a unha economía circular, o papel que desempeñará a xestión de residuos na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a loita contra o cambio climático.

O informe é, sobre todo, unha chamada á acción sobre como avanzar na nova década, tendo en conta que a xestión sostible dos residuos desempeñará, sen dúbida, un papel fundamental na consecución dun planeta máis limpo e saudable para todos. ●



Fonte: ISWA  
Imaxe: Pexels

## SIGRE cumpre vinte anos



O Sistema Integrado de Gestión y Recogida de Envases, máis coñecido como SIGRE, cumpriu vinte anos velando pola saúde do medio ambiente. Este proxecto arrincou en Galicia, concretamente na provincia de Ourense, en 2001, cunha proba piloto que supuxo un reto de implantación da loxística inversa e evidenciou o compromiso do sector farmacéutico para evitar que, tanto os envases dos medicamentos como os seus restos, se mesturen

con outros residuos e acaben contaminando a natureza.

Na actualidade, os residuos de medicamentos e os seus envases son recollidos a través dos máis de 22.000 Puntos SIGRE repartidos por toda España.

Durante o acto de conmemoración do seu vinte aniversario, a entidade fixo entrega dos III Premios Medicamento e Medio Ambiente e dos III Premios SIGRE de Xornalismo 'Pola saúde da natureza'. ●

Fonte e imaxe: SIGRE

## Potencial dos residuos electrónicos para a minería urbana

Segundo un recente estudo, cada cidadán europeo desbota no contedor de lixo convencional ata 1,4 kg de aparellos electrónicos ou eléctricos (RAEE) vellos ou rotos. Para un fogar estándar, isto supón ao redor de 4 kg ao ano.

Máis aló do enorme impacto ambiental, isto tamén supón unha verdadeira perda de recursos que poderían volver a entrar no ciclo produtivo. Por cada millón de teléfonos móbiles que se reciclan, poderíanse recuperar 16.000 kg de cobre, 350 kg de prata, 24 kg de ouro e 14 kg de paladio. Os RAEE son unha verdadeira "mina urbana" e, nalgúns aspectos, mesmo máis rica que a minería tradicional: por exemplo, hai 100 veces máis ouro nunha tonelada de smartphones ca nunha tonelada de mineral de ouro.

Con motivo do Día Internacional dos Residuos Electrónicos, o pasado 14 de outubro, a WEEE Forum (Asociación internacional que agrupa a organizacións de responsabilidade ampliada do produtor de residuos electrónicos de todo o mundo), incidiu na importancia de desfacerse correctamente dos vellos aparellos para evitar o seu impacto ambiental e recuperar os seus recursos. ●



Fonte: Residuos Profesional  
Imaxe: WEEE Forum

## A demanda de alimentación sostible duplicarase nos próximos cinco anos

Segundo o estudo de Kantar "Who Cares, Who Does", case a metade dos fogares (49%) afirma que a pandemia do Covid-19 fixo que a sostibilidade sexa aínda máis importante para eles. Desta forma, a porcentaxe de fogares eco-activos pasou do 16% en 2019 ao 22% en 2021.

O informe apunta, ademais, que o mercado de alimentación ambientalmente sostible vaise duplicar nos próximos cinco anos. Neste sentido, conclúe que o segmento Eco-Actives, os compradores moi preocupados polo medio ambiente e que están a aproveitar ao máximo as accións para reducir os seus residuos, subiu seis puntos porcentuais nos últimos dous anos, para representar o 22% dos fogares globais. Kantar proxecta que este segmento crecerá ata o 40% de todos os fogares nos próximos cinco anos e máis da metade dos fogares para 2029.

Así mesmo, estima que as súas compras alcanzarán os 446.000 millóns de dólares en 2021, un aumento de 70.000 millóns en comparación con 2020, e prognostica que incluso ascenderá a 925.000 millóns para 2026.

Alemaña (46%), seguida de Bélxica e Hungría, son os tres países con maior porcentaxe de Eco-Actives. Na outra banda, está Arabia Saudita con só o 7% dos fogares comprometidos. ●



Fonte: Financial Food  
Imaxe: Pexels



## Tres solucións de envasado contra o desperdicio alimentario



Fonte: FAO  
Imaxe: Ecovidrio

No ámbito dos envases, resulta fundamental adoptar un enfoque circular, centrado na máxima redución, a reutilización e a reciclaxe a fin de mellorar a protección do medio ambiente e da propia economía. Conscientes desta problemática, a FAO propón tres solucións de envasado sostible.

Os envases reutilizables tales como as caixas plásticas, proporcionan un alto grao de protección dos produtos, xa que absorben os golpes durante o transporte, mentres que os revestimentos internos (follas, palla ou papel de xornal), reducen os danos por abrasión. Se se conservan axeitadamente, estas caixas poden utilizarse ata 10 anos.

Métodos innovadores como o envasado en atmosfera modificada, que mantén unha baixa concentración de osíxeno nos alimentos e, polo tanto, asegura unha vida útil máis longa.

Por últimos, os envases reenchibles, como os contedores de vidro ou de aceiro inoxidable, que se poden limpar, ofrecen aos consumidores a posibilidade de comprar alimentos soltos ou a granel no comercio retalista. ●

## A campaña “Pon as pilas e recicla” recolle un 64% máis ca en 2020

A edición 2021 da campaña “Pon as pilas e recicla”, promovida por Ecopilas e a Fundación Ecomar, e na que participaron 78 clubs e escolas náuticas das costas españolas, bateu o seu récord de recollida de pilas usadas coa retirada de 1.955 quilos, un 64% máis que na tempada anterior. Grazas a esta iniciativa divulgativa e ambiental, os promotores levan recicladas desde 2015 9,6 toneladas de pilas domésticas.

“Pon as pilas e recicla” premia con material deportivo -chalecos e velas- aos tres clubs que recollen máis pilas durante os meses de xullo e agosto. Nesta edición, e por terceiro ano consecutivo, o centro máis activo foi o Club do Mar Cariño (A Coruña) con 690 quilos, o equivalente ao 35% do volume total. ●



Fonte e imaxe: FuturEnviro

## Drástico informe da ONU sobre as consecuencias da contaminación por plásticos

Tal e como se recolle nun exhaustivo informe publicado recentemente polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e que leva por título "Da contaminación á solución: unha avaliación global do lixo mariño e a contaminación por plásticos", a contaminación plástica nos ecosistemas acuáticos creceu considerablemente nos últimos anos e prevese que se duplique para 2030, con consecuencias nefastas para a saúde, a economía, a biodiversidade e o clima.

O estudo, publicado dez días antes da 26ª Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP26), salienta que os plásticos tamén son un problema climático. Utilizando unha análise do ciclo de vida, estimouse que, en 2015, estiveron relacionados coa produción de 1,7 igatoneladas de CO<sub>2</sub> equivalente (GtCO<sub>2</sub>e), e proxéctase que, para 2050, esta cifra aumente a aproximadamente 6,5 GtCO<sub>2</sub>e —15% do orzamento mundial de carbono—.

Así mesmo, o informe destaca que o plástico representa o 85% dos residuos que chegan aos océanos e advirte que, para 2040, os volumes deste material que fluirán cara ao mar case se triplicarán, cunha cantidade anual de entre 23 e 37 millóns de toneladas. Isto significa ao redor de 50 kg de plástico por metro de costa en todo o mundo.



### Conclusións

A PNUMA alude que é necesario un cambio cara a enfoques circulares, incluíndo prácticas sostibles de consumo e produción, o desenvolvemento e a adopción rápida de alternativas por parte das empresas, e unha maior conciencia do consumidor para propiciar eleccións máis responsables. ●

Fonte: ONU Medio Ambiente  
Imaxe: Pexels

## Premios Ecovidrio 2021



O Doutor Bruno Oberle, director xeral da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN), o Seprona, a UME e a Deputación Foral de Gipuzkoa foron galardoados no marco dos premios Ecovidrio 2021.

Estes galardóns recoñecen o labor daquelas persoas e institucións que contribúe, en boa medida, á transición cara

á un futuro máis verde e sostible, marcado polo coidado do medio ambiente e por un modelo produtivo baseado na economía circular. ●

Fonte: Residuos profesional  
Imaxe: Ecovidrio



## Petición conxunta para o tratamento de residuos non perigosos en plantas de valorización enerxética

Catro asociacións que representan a empresas públicas e privadas de toda a cadea de valor da xestión de residuos, ESWET, CEWEP, FEAD e Municipal Waste Europe, pediron á Comisión Europea e á Plataforma de Financiamento Sostible da CE que establezan criterios técnicos de selección para o tratamento de residuos non perigosos en plantas de valorización enerxética no marco da taxonomía de investimentos sostibles.

A Plataforma está a concluír o seu proxecto de criterios para as actividades que contribúen aos obxectivos ambientais, incluída a transición cara a unha economía circular, pretendendo atraer financiamento cara a actividades sostibles.

Nunha declaración conxunta, as asociacións lamentan que o proxecto de informe publicado o pasado agosto pase por alto unha parte importante da xestión dos residuos como é o tratamento daqueles que quedan tras os procesos de recollida selectiva e clasificación, é dicir, a parte non reciclable. ●



## España especialízase en reciclaxe e en tecnoloxías de bioplásticos

Tal e como se recolle nun novo estudo publicado pola Oficina Europea de Patentes (EPO), e que leva por título "Patentes para os plásticos do mañá: tendencias globais de innovación en reciclaxe, deseño circular e fontes alternativas", España destaca polo seu alto grao de especialización, tanto na reciclaxe de plásticos como na innovación en bioplásticos, situándose por riba da media europea.

A especialización do noso país en innovación, tanto en reciclaxe como en tecnoloxías de bioplásticos, é superior á media europea. De feito, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) lidera a innovación española, atopándose a Universidade de Santiago de Compostela (USC) entre os principais solicitantes de patentes.



### Plásticos alternativos

O estudo mostra que a área de plásticos alternativos, que permiten unha reciclaxe máis fácil, medrou un 10% anual desde 2010. Aplícanse, sobre todo, no sectores aeroespacial, construción, transporte, turbinas eólicas e microelectrónica.

O rápido crecemento das patentes nestes campos está impulsado case na súa totalidade pola innovación nun plástico alternativo chamado "unión covalente dinámica", que permite deseños novos de materiais plásticos duradeiros capaces de autorrepararse. ●

Fonte: Retema  
Imaxe: Pexels

## Taxa récord do 78% na recollida de vidro para reciclar

Segundo datos publicados por Close the Glass Loop, a recollida para a reciclaxe de envases de vidro da UE incrementouse ata a taxa media récord do 78% en 2019, representando un crecemento de 2 puntos porcentuais en comparación con 2018. Este dato demostra que a cadea de valor dos envases de vidro está a cumprir a súa ambición de economía circular.

O obxectivo de Close the Glass Loop, unha iniciativa que aglutina á cadea de valor europea de recollida e reciclaxe de vidro, é lograr a recollida de envases de vidro posconsumo do 90% para 2030 e garantir que estes se reciclen no propio circuíto de produción. A gran maioría dos 13,7 millóns de toneladas recollidas vólense a fundir para fabricar novas botellas e tarros.

Noruega, Suecia e Finlandia, xunto con Bélxica e Suíza, lideran a clasificación de países comprometidos con taxas próximas ao 100%. Pola súa banda, España sitúase por riba da media da UE, cunha taxa do 80%. ●



Fonte: Close the Glass Loop  
Imaxe: Ecovidrio



# Receitario

## Menú cun toque festivo!

Ás portas do Nadal, propoñémosvos un menú cun punto festivo e sostible para ir adiantando as próximas festas. Como vén sendo habitual, estes tres pratos teñen como base restos doutras preparacións para aproveitar esa comida que sempre sobra e moitas veces non sabemos que facer con ela. Ademais da vosa imaxinación, no receitario editado polo Penal de Monterroso, "**Sabroso reciclaje**", tedes moitas máis ideas!

Se vos animades a cociñar algunha destas propostas con sobras de comida, compartide con nós fotos e preparacións en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) ou etiquetádenos!

## Pan de cebola



### Ingredientes reciclados:

- Pan
- Cebola
- Arroz sobrante



### Outros ingredientes:

- Auga



### Elaboración:

1. Picar a cebola moi fina e rustir sen que colla cor.
2. Abrandar o pan con auga, escorrer e mesturar coa cebola e co arroz.
3. Facer pequenas bólas coa masa, coma se fosen boliños de pan, e enfornar ata que estean cocidos.

# Receitario

## Vinagreta de mexillóns e de xurelos



### Ingredientes reciclados:

- Sobras de mexillóns ao vapor e de xurelos en escabeche (conservas)



### Outros ingredientes:

- Ovos
- Pemento, ceboliña
- Allo, perexil, sal
- Aceite de oliva, pementa
- Vinagre de Xerez



### Elaboración:

1. Cocer dous ovos. Mentres, nunha fonte botar os mexillóns e os xurelos partidos en anacos.
2. Picar unhas tiras de pemento, unha ceboliña e 2 dentes de allo e engadir ao anterior.
3. Nun bol, agregar un chorro de aceite de oliva, outro de vinagre de Xerez, un chisco de sal, pementa moída, perexil picado e a xema dun dos ovos cocidos. Partir o resto dos ovos e xuntar cos restos das conservas.
4. Bater ben ata que ligue a vinagreta, engadir o escabeche dos xurelos e incorporar tamén.
5. Revolver con coidado todos os ingredientes e listo! Mellora se se deixa repousar unhas horas en neveira.

## Wok de pasta con tiras de carne á grella



### Ingredientes reciclados:

- Restos de carne de porco á grella



### Outros ingredientes:

- Pasta
- Ovos
- Queixo cheddar
- Manteiga, pementa, sal
- Aceite de oliva, allo, chile



### Elaboración:

1. Partir en tiras a carne de porco e reservar. Cocer dous ovos e reservar tamén.
2. Poñer a cocer a pasta en auga con sal, manteiga e pementa.
3. Mentres acaba de cocer, no wok poñer un chorro de aceite de oliva e, cando estea quente, engadir o dente de allo picado, un chile pequeno e dourar. Cando colla cor, engadir a carne en tiras e salpimentar.
4. Escorrer a pasta, arrefriar con auga fría e agregar ao wok. Saltear ben.
5. Agregar os ovos cocidos ben picados e remover.
6. Por último, incorporar o queixo partido e remover ata que se derrita.
7. Apartar do lume e servir con queixo en po (opcional).